

PROXECTO

LINGÜÍSTICO

DE CENTRO

CPR PLURILINGÜE SAN BLAS – VISTA ALEGRE

CURSOS 2020 - 2024

ÍNDICE

1.- DATA E ANO DE ELABORACIÓN. INTRODUCCIÓN	3
2.- ANÁLISE DOS USOS LINGÜÍSTICOS DO CENTRO	3
3.- XUSTIFICACIÓN	4
4.- ACTUACIÓNS XERAIS E ESPECÍFICAS	6
5.- SENSIBILIZACIÓN	6
6.- OBXECTIVOS	6
7.- CRONOGRAMA	26
8.- RELACIÓN DO PROFESORADO	30
9.- PLANIFICACIÓN DAS ACCIÓNS DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	30
10.- TRATAMENTO METODOLÓXICO E DIDÁCTICO INTEGRADO DAS DIFERENTES LINGUAS: GALEGO, CASTELÁN E INGLÉS	30
11.- AVALIACIÓN	33
12.- INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS E AO RESTO DA COMUNIDADE EDUCATIVA.	35
13.- MEMBROS DO PLC	35
14.- EVOLUCIÓN DO USO DO GALEGO CON RESPECTO AO ANTERIOR PROXECTO	35
15.- ANEXOS	36
15.1. Enquisas	36
15.2. Gráficos	40
15.3. Gráficos comparativos	41

1.- DATA E ANO DE ELABORACIÓN. INTRODUCCIÓN

O Colexio “Vista Alegre” presenta o seu **proxecto lingüístico** de centro tendo en conta os criterios establecidos no Decreto 79/2010 de 20 de maio para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia. Terá un desenvolvemento de catro cursos, a partir da súa entrada en vigor en setembro do ano 2020. O proxecto terá unha addenda anual no que figurarán as posibles modificacións. Así mesmo será revisado anualmente ata a súa renovación en setembro do ano 2024.

No curso académico 2014-2015 puxemos en marcha o **proxecto plurilingüe** enmarcado na Orde de 12 de maio de 2011 (DOG de 20 de maio) que regula os centros plurilingües na Comunidade Autónoma de Galicia e establece o procedemento de incorporación de novos centros á Rede de centros plurilingües de Galicia.

Nun mundo globalizado como o que vivimos o coñecemento de idiomas constitúe un elemento esencial para o desenvolvemento profesional das persoas. A misión e visión do noso centro, que é a nosa identidade e imaxe como colexio, obríganos a estar sempre na vangarda das innovacións metodolóxicas e curriculares. Por esta razón e coa autonomía que nos permita a lexislación, cremos firmemente na creación dun programa lingüístico que recolla o ensino de diferentes linguas estranxeiras ademais das propias da nosa comunidade autónoma.

O Decreto do Plurilingüismo 79/2010, do 20 de maio 2010, regula a distribución das linguas vehiculares das distintas materias de estudo e ten como obxectivo principal garantir competencia plena das dúas linguas cooficiais e conseguir a adquisición dun coñecemento efectivo en lingua(s) estranxeira(s).

Os centros educativos poden empregar diversas linguas como vehiculares dentro do marco de desenvolvemento do seu Proxecto Lingüístico Plurilingüe, dos proxectos internacionais de asociación escolar e dos programas de acollida e dinamización da nova cidadanía, nos que participen.

2.- ANÁLISE DOS USOS LINGÜÍSTICOS DO CENTRO

O centro San Blas - Vista Alegre está implicado na promoción e uso da lingua e cultura galegas. Os docentes empregan indistintamente o galego e o castelán no centro educativo, aínda que unha maior porcentaxe exprésase habitualmente en castelán fóra da escola.

A zona onde se encontra situado o noso centro - Cabral, unha parroquia situada nas aforas da cidade de Vigo - ten un nivel socioeconómico medio baixo e é castelán falante, polo que non é usual que falen o galego nin o inglés.

Ao ser a lingua materna predominante a castelá, o principal reto que temos estriba na necesidade de que o noso alumnado vaia adquirindo unha competencia axeitada no uso do galego a nivel oral.

Nos anexos (ver punto 15) móstrase un estudo realizado respecto á porcentaxe dos nosos alumnos, familias e o propio profesorado no uso do galego e do castelán:

Así mesmo, tivemos en conta as fichas de rexistro inicial utilizadas en Educación Infantil. As enquisas arroxaron os seguintes resultados **(1)**:

- **A nivel de familias:**

A lingua habitual que empregan entre os seus membros é de predominio de castelán nun 91%. Tamén predomina o castelán cando falan cos seus fillos, nun 95% dos casos. Nas relacións de amizade sitúase nun 76% o predominio do castelán e a porcentaxe aumenta en 3 puntos na lingua habitual empregada na admón. e servizos. A lingua habitual empregada cos seus maiores tamén é o castelán, aínda que neste caso a porcentaxe baixa ao 58%. Finalmente só no caso da lingua habitual que empregan os avós cos seus netos é maioritario o galego nun 31% dos casos.

- **A nivel de alumnado:**

O predominio do castelán é enorme en tódalas situacións contempladas na enquisa. 82% de utilización na escola, 90% na casa e 96% cos amigos. O paradoxo dáse no grao de aceptación do galego porque é maioría aos que lles gusta falar en galego (moito ou bastante): 49%. É precisamente este resultado o que nos debe servir para atraelos de cara a unha maior utilización da lingua a nivel oral.

- **A nivel de profesorado:**

Neste caso as cousas están máis parellas. Castelán e galego empréganse por igual no centro educativo, aínda que unha maior porcentaxe exprésase habitualmente en castelán fóra da escola. A maioría considera que utiliza correctamente o galego na actividade docente e que a súa capacitación para empregalo é normal. Así mesmo a disposición é boa para facer cursos de reciclaxe e a actitude cara esta lingua é moi positiva no 55% dos casos (96% se lle engadimos os que manteñen unha actitude positiva).

As **fichas de rexistro inicial** que cobren as nais e pais dos alumnos que comezan a súa andaina en Educación Infantil arroxan datos moi similares á enquisa das familias.

A educación plurilingüe non se define pola composición lingüística do alumnado nin polo número de linguas presentes no currículo, senón polos obxectivos que pretende conseguir.

O noso modelo de enriquecemento de educación plurilingüe e pluricultural ten que propoñerse, independentemente da procedencia lingüística, cultural e socioeconómica do alumnado, a adquisición dunha competencia plurilingüe, polo menos nas dúas linguas cooficiais e nunha lingua estranxeira, a experiencia integradora de diversas culturas e un rendemento elevado nas distintas áreas do currículo, e tamén a capacidade de convivir nunha sociedade multilingüe e multicultural.

3.- XUSTIFICACIÓN

As linguas son instrumentos de comunicación e de coñecemento, vehículo dos sistemas de valores e das expresións culturais e factor determinante da identidade dos pobos e das persoas.

(1) Estes datos son os do proxecto anterior.

No mundo actual, cada vez máis globalizado, no que están a desaparecer os límites xeográficos da comunicación, a aprendizaxe de linguas estranxeiras constitúe unha necesidade de achegamento á información, ao coñecemento e ás tecnoloxías, así como a distintas formas e estilos de vida e maneiras de pensar de diferentes culturas.

Galicia está a participar de cheo nas relacións internacionais en todos os ámbitos. A necesidade de coñecer outras linguas é cada vez máis evidente na Europa de hoxe. É este coñecemento o que posibilita o contacto con costumes e formas de vida diferentes e o que promove unha actitude de tolerancia e respecto cara á outros países, os seus falantes e a súa cultura. A nosa comunidade non é tampouco allea aos movementos migratorios que están a acontecer no mundo e de aí que, dende unha perspectiva integradora, a función da lingua como ferramenta de mediación teña no noso caso especial relevancia. Ao mesmo tempo, o dominio e uso de linguas estranxeiras non só fomenta as relacións interpersoais, favorecendo a formación integral do individuo, senón que tamén nos permite comprender mellor a lingua propia dende unha visión máis ampla e rica da realidade.

Xunto con todo o anterior, o sentido e as funcións desta materia veñen determinados tamén por razóns profundamente educativas, derivadas da contribución que realiza ás competencias básicas e aos obxectivos educativos xerais. O proceso de ensino e aprendizaxe de linguas estranxeiras contribuirá á formación educativa do alumnado dende unha perspectiva global que favoreza o desenvolvemento da súa personalidade, compense as desigualdades de partida axudando á integración social, teña en conta as distintas capacidades e ritmos de aprendizaxe e posibilite o acceso a datos de interese.

Base legal

Decreto 79/2010 de 20 de maio para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia

Orde de 12 de maio de 2011 (DOG de 20 de maio) que regula os centros plurilingües na Comunidade Autónoma de Galicia

O noso Centro apostou polo ensino temperán do inglés ademais do castelán e galego, por iso adopta a decisión de incorporar un programa plurilingüe, a partir do curso 2014-15, iniciándose no 1º curso de Primaria, para que poida ir avanzando na súa aplicación, ao resto dos cursos de primaria e da ESO, de maneira que ao finalizar o alumnado a súa escolarización en cada unha destas, alcance os obxectivos a continuación detallados para cada unha no ámbito lingüístico das linguas castelá, galega e inglesa.

Os fundamentos nos que nos baseamos para o ensino da lingua son tres:

1. A lingua é un instrumento fundamental para a comunicación. A linguaxe permítenos manifestar opinións, emocións, e interactuar co resto de falantes cos que se interacciona. Nun futuro moi próximo non manexar linguas de comunicación universal minguará seriamente as posibilidades de desenvolvemento do individuo como parte da sociedade coa que vai interactuar.

2. As linguas hanse de aprender mediante o uso. Aprendemos a falar falando e a escribir escribindo. O alumno ha de percibir o sistema lingüístico como unha entidade concreta, como unha ferramenta de uso e non como un sistema abstracto.

3. A didáctica da lingua ha de ser integral en todo o centro. A coordinación do noso equipo docente, resulta fundamental para unificar as estratexias de ensino da aprendizaxe, coordinación de actividades e utilizar as mesmas ferramentas de avaliación.

4.- ACTUACIÓNS XERAIS E ESPECÍFICAS

- Nomear ao coordinador do programa de PLC.
- Nomear ao coordinador do programa de plurilingüismo.
- Nomear dous coordinadores de etapas:
 - Coordinador Educación Infantil/Primaria
 - Coordinador Educación secundaria
- Coñecer o Marco común europeo para as linguas e a lexislación.
- Seleccionar as materias ou áreas non lingüísticas que se poderían impartir no centro noutra lingua vehicular.
- Seleccionar currículos coa titulación necesaria para poder impartir a lingua estranxeira.
- Estudar as necesidades de formación do profesorado, titulacións, posta ao día, e deseñar un plan de formación para alcanzar os obxectivos.
- Atender aos trámites de aprobación e homologación do proxecto coas autoridades educativas.
- Facer difusión do proxecto entre a comunidade educativa.
- Deseñar actividades complementarias e extraescolares que fomenten o plurilingüismo.

5.- SENSIBILIZACIÓN

5.1. Ao equipo docente

- Facer reunións para explicar ao novo profesorado a implantación do proxecto plurilingüe.
- Formación continua.

5.2. Ás familias

Información ás familias sobre:

- Resultados do proxecto de educación plurilingüe.
- Medidas a tomar co alumnado que teñen dificultades de aprendizaxe ou que proceden de fóra de Galicia.

6.- OBXECTIVOS

6.1.- Obxectivos que debe acadar o alumnado

- Proporcionarlles unha competencia plurilingüe e pluricultural.
- Preparalos para usar cada unha das linguas incluídas no proxecto como ferramenta de adquisición e uso dos coñecementos para o goce e a creación

- literaria, e para a análise crítica do ámbito social a través da linguaxe.
- Conseguir que adquiran o interese por aprender outras linguas.
 - Desenvolver a curiosidade polas linguas.

6.2.- Obxectivos xerais do currículo por etapas referentes ás linguas

Os obxectivos xerais do currículo, correspondentes ás diferentes etapas que fan referencia ao ensino do castelán, galego e da lingua inglesa así como o seu uso vehicular e social son:

EDUCACIÓN INFANTIL

O decreto que establece o currículo do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade de Galicia, indica que a educación infantil contribuirá a que os nenos e as nenas desenvolvan as capacidades que lles permitan:

CASTELÁN E GALEGO EN EDUCACIÓN INFANTIL

- Utilizar as diversas linguas como instrumentos de comunicación, de expresión de ideas e sentimentos, de representación, de aprendizaxe e de gozo.
- Comunicarse oralmente nas dúas linguas oficiais con distintos propósitos.
- Expresar sentimentos, emocións, desexos, ideas ... con diferentes interlocutores e/ou interlocutoras e en diversidade de contextos, valorando a linguaxe como ferramenta de relación cos demais, de regulación da convivencia e de aprendizaxe.
- Comprender a intencionalidade comunicativa doutras nenas e doutros nenos, así como das persoas adultas, adoptando unha actitude positiva cara ás linguas.
- Iniciarse no uso oral dunha lingua estranxeira para comunicarse en actividades contextualizadas e mostrar interese e gozo ao participar nestes intercambios comunicativos.
- Achegarse á lingua escrita a través de distintos tipos de textos.
- Comprender, reproducir, escribir tendo en conta as diferentes etapas individuais no proceso de adquisición da lingua escrita e recrear textos.
- Facer uso da biblioteca valorándoa como fonte de información e como fonte de pracer.

INGLÉS EN EDUCACIÓN INFANTIL

A introdución temperá de linguas estranxeiras ou adicionais debe ser entendida en relación co contexto educativo en que ten lugar. Para o alumnado de educación infantil da Comunidade Autónoma de Galicia, o inglés é a terceira lingua dentro do seu sistema de educación bilingüe.

O modelo de introdución do inglés en infantil na Comunidade Autónoma de Galicia engade o inglés ás dúas linguas ambientais en dous períodos semanais de trinta minutos e supón unha exposición inicial á terceira lingua, que progresivamente será maior nas seguintes etapas educativas. Esta exposición inicial debe basearse no principio do que é a aprendizaxe en educación infantil: o enfoque globalizado e integrador das aprendizaxes. Débese lembrar que o alumnado de educación infantil se atopa nun período preoperacional, o que quere dicir que o seu mundo se constrúe en

función da súa realidade inmediata no tempo e no espazo. Xa que logo, a percepción e a experimentación coa realidade presente e tanxible serán o referente fundamental para deseñar as actividades.

A terceira lingua integrarase, desde un punto de vista lúdico e partindo do traballo en grupo, a través de todas as áreas, traballando e desenvolvendo as competencias básicas dende un enfoque globalizado baseado en tarefas e proxectos nos cales as TICs deben estar presentes.

O alumnado vai ser quen constrúa a súa aprendizaxe lingüística coa axuda e mediación do docente, da contorna, das compañeiras e dos compañeiros, etc. Isto supón que a lingua deberá practicarse en contextos comunicativos reais e funcionais nos cales o alumnado se implique e participe activamente nun clima de intercambio. É necesario crear un ambiente no que o alumnado sinta pracer por escoitar e participar, evitando o risco de que se canse ou se inhiba. Para que a súa participación sexa comprensiva é necesario aproveitar experiencias significativas, rutinas, imaxes, personaxes de ficción dos debuxos animados ou contos, cancións, etc., tendo en conta que, na educación infantil, os aspectos afectivos e de relación adquiren un relevo especial, polo que é imprescindible a creación dun ambiente cálido, acolledor e seguro, no cal o alumnado se sinta querido e confiado para poder afrontar as novas aprendizaxes. Sen dúbida, é necesario potenciar o maior número de ocasións para usar a lingua, aproveitando as rutinas e a vida da aula, pois a aprendizaxe prodúcese e xeneralízase co seu uso.

- Deben iniciarse na aprendizaxe da nova lingua a través da imitación e repetición de sons, palabras e enunciados significativos sempre cunha intención lúdica, reparando que, na educación infantil, no xogo conflúen, por unha parte, o carácter motivador e, por outra, importantes posibilidades para que a nena e o neno establezan relacións significativas, ao mesmo tempo que o profesorado pode organizar contidos diversos e sempre con carácter global.
- A comprensión e a expresión oral deben ser o punto de partida para o ensino da primeira lingua estranxeira, que o alumnado ten que aprender de maneira natural e a través do xogo, escoitando, practicando e participando o maior tempo posible coa primeira lingua estranxeira.
- As destrezas básicas desenvolvidas serán as receptivas e darase prioridade ao uso comunicativo e funcional da lingua. Insistirase no uso do idioma, é dicir, na posibilidade do falante de comunicar unha mensaxe. Por iso, os erros consideraranse parte natural do proceso de aprendizaxe e, como tales, serán tratados de xeito didáctico e como fonte de coñecementos.
- A aprendizaxe da nova lingua será intuitiva, polo que se lle presentarán ao alumnado mensaxes reais ou adaptadas vinculadas aos seus intereses: producións multimedia coas que teñan que interaccionar, fotografías, contos, dramatizacións, cancións, xogos, etc.
- Outra das estratexias para a aprendizaxe dun novo idioma consiste en recrear situacións e contextos nos cales o alumnado teña que responder actuando: resposta física total (TPR: Total Physical Response). Trátase dun modelo similar ao que se emprega para o ensino da lingua materna, baseándose no desenvolvemento das destrezas orais.

- Considérase necesario presentar propostas en que se esixa unha resposta de movemento, de aí que as interaccións que aparecen durante a práctica de xogos, actividades plásticas, musicais e físico-deportivas se revelen como valiosos instrumentos cognitivos para a adquisición da competencia comunicativa na nova lingua. Propóranse actividades que combinen e propicien o uso da lingua e a acción física implicada pola orde emitida.
- Tratarase de poñer en práctica un ensino integrado no cal se aborden todos os aspectos que inflúen no desenvolvemento das alumnas e dos alumnos nos eidos expresivo, psicomotor, social e intelectual, de tal xeito que as aprendizaxes se complementen entre si, para tratar de facilitar a súa asimilación por parte do alumnado, de xeito que a primeira lingua estranxeira non será unha materia illada, senón que terá que estar relacionada co resto das materias.
- Deste xeito, a variedade e riqueza das experiencias que lle pode achegar a escola permitiránlle prepararse para a súa inserción na actual sociedade plural.
- O obxectivo estará centrado no achegamento das nenas e dos nenos a unha nova lingua e cultura. A linguaxe debe ser entendida como unha capacidade que o alumnado debe desenvolver e que debe estar dirixida á comunicación.
- As linguas ambientais deben desenvolverse paralelamente nesta etapa, xa que a primeira, segunda e terceira linguas conviven, nótrense e retroaliméntanse nun contexto de completa normalidade.
- Comunicación e representación a través da comunicación oral.

A pesar de que o deseño particular do noso programa, se iniciará no primeiro curso da etapa de primaria, non se descarta a posibilidade de poder incluír a etapa de educación infantil, en función do profesorado dispoñible e para iso, o proxecto adoptará estes obxectivos como prioritarios sen descartar a adopción de medidas que permitan a consecución do resto dos obxectivos tamén contemplados no currículo.

EDUCACIÓN PRIMARIA

O decreto 105/2014 do 4 de setembro, establece o currículo da educación primaria na Comunidade de Galicia. Neste documento indícase que a educación primaria contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

CASTELÁN E GALEGO EN EDUCACIÓN PRIMARIA

- Comprender e expresarse oralmente e por escrito de xeito adecuado nos diferentes contextos da actividade social e cultural cotiá.
- Utilizar a lingua oral de xeito adecuado na actividade social e cultural adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.
- Utilizar a lingua eficazmente na actividade escolar tanto para buscar, recoller, seleccionar, contrastar, transformar e procesar información, como para escribir textos propios do ámbito académico.
- Usar, en situacións relacionadas coa escola e coa súa actividade, as diversas clases de escritos coa axuda dos cales se produce a comunicación, tanto entre as persoas como destas coas institucións públicas ou privadas.

- Utilizar os medios de comunicación social e as tecnoloxías da información e da comunicación para obter, interpretar e valorar información e opinións diferentes.
- Utilizar a lectura como fonte de pracer e de enriquecemento persoal, e aproximarse a obras relevantes da tradición literaria galega para desenvolver hábitos lectores.
- Valorar e estimar a lingua galega como lingua propia como mostra de identidade de Galicia e recoñecer a existencia da diversidade lingüística como feito cultural enriquecedor.
- Facer uso dos coñecementos sobre a lingua e sobre as normas de uso lingüístico para escribir e falar de maneira adecuada, coherente e correcta e para comprender textos orais e escritos.
- Reflexionar sobre os diferentes usos sociais das linguas para evitar estereotipos lingüísticos que supoñan xuízos de valor e prexuízos clasistas, racistas ou sexistas.

INGLÉS EN EDUCACIÓN PRIMARIA

- escoitar e comprender mensaxes en interaccións verbais variadas, utilizando as informacións transmitidas para a realización de diversas tarefas concretas relacionadas coa experiencia do alumnado.
- expresarse e interactuar oralmente en situacións sinxelas e habituais que teñan un contido e desenvolvemento coñecidos, utilizando procedementos verbais e non verbais e adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.
- escribir textos diversos con finalidades variadas sobre temas previamente tratados na aula e coa axuda de modelos.
- ler de xeito comprensivo textos diversos, relacionados coas experiencias e intereses do alumnado, extraendo información xeral e específica de acordo cunha finalidade previa.
- aprender a usar con progresiva autonomía medios variados, incluídas as TIC, para obter información e para comunicarse en lingua estranxeira.
- valorar a lingua estranxeira, e as linguas en xeral, como medio de comunicación e entendemento entre as persoas de procedencias e culturas diversas e como ferramenta de aprendizaxe de distintos contidos.
- manifestar unha actitude receptiva, interesada e de confianza na propia capacidade de aprendizaxe e de uso da lingua estranxeira.
- coñecer aspectos doutras culturas que utilizan a lingua estudada e amosar unha actitude de respecto cara as mesmas.
- utilizar os coñecementos e as experiencias previas coas linguas galega e castelá para unha adquisición máis rápida, eficaz e autónoma da lingua estranxeira.
- identificar aspectos fonéticos, de ritmo, de acentuación e de entoación, así como estruturas lingüísticas e aspectos léxicos da lingua estranxeira e usalos como elementos básicos da comunicación.

EDUCACIÓN SECUNDARIA

O decreto 86/2015, do 25 de xuño, establece o currículo da educación secundaria na Comunidade de Galicia. Neste documento indícase que a educación secundaria contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

CASTELÁN E GALEGO EN EDUCACIÓN SECUNDARIA

- Comprender discursos orais e escritos nos diversos contextos da actividade social, cultural e académica.
- Expresarse oralmente de xeito correcto, coherente, creativo e adecuado aos distintos contextos da actividade social, laboral e cultural, adoptando mediante o diálogo actitudes de respecto e de colaboración cos demais.
- Utilizar eficazmente a lingua na actividade escolar para buscar, procesar e analizar información e mais para redactar ou expoñer textos propios do ámbito académico.
- Aplicar con certa autonomía os coñecementos sobre a lingua e as normas de uso lingüístico para comprender textos orais e escritos e mais para escribir e falar con adecuación, coherencia e corrección.
- Comprender as circunstancias que condicionaron a historia social da lingua galega, afirmándoa como propia de Galicia, así como as que hoxe condicionan o seu uso, de xeito que se estea en disposición de superar as que supoñen obstáculos para a súa utilización en calquera contexto e situación.
- Coñecer e respectar a realidade plurilingüe e pluricultural do Estado español, de Europa e do mundo actual, facerse consciente da riqueza que representa e entender as situacións que provoca o contacto de linguas.
- Ler con fluidez, consolidar o hábito lector e facer da lectura fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo.
- Aproximarse ao coñecemento do patrimonio literario e valóralo como un xeito de simbolizar a experiencia individual e colectiva en diferentes contextos histórico-culturais.

INGLÉS EN EDUCACIÓN SECUNDARIA

O ensino da lingua estranxeira nesta etapa terá como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades:

- escoitar e comprender información xeral e específica oral en distintas situacións comunicativas, adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación co falante.
- Comunicarse oralmente en situacións habituais de forma comprensible, axeitada e con certo nivel de autonomía.
- Ler e comprender textos diversos dun nivel axeitado ás capacidades e intereses do alumnado co fin de extraer información xeral e específica, e utilizar a lectura como fonte de pracer e de enriquecemento persoal.
- Escribir textos sinxelos con fins diversos sobre distintos temas utilizando recursos axeitados de cohesión e coherencia.
- Utilizar eficazmente os compoñentes fonéticos, léxicos, estruturais e funcionais básicos da lingua estranxeira en contextos reais de comunicación.
- Desenvolver a autonomía na aprendizaxe, reflexionando sobre o propio proceso de adquisición da lingua e transferindo á lingua estranxeira coñecementos e estratexias de comunicación adquiridas noutras linguas.
- Buscar, seleccionar e presentar información oralmente e por escrito na lingua estranxeira utilizando todos os medios ao seu alcance (bibliotecas, tecnoloxías da información e a comunicación e as estratexias de aprendizaxe).

- Valorar a lingua estranxeira e as linguas en xeral, como instrumento de acceso á información e como ferramenta de aprendizaxe de contidos diversos, como medio de comunicación e entendemento entre persoas de procedencias, linguas e culturas distintas evitando calquera tipo de discriminación e de estereotipos lingüísticos e culturais.
- Manifestar unha actitude receptiva e de autoconfianza na propia capacidade de aprender e usar a lingua estranxeira.
- Coñecer os elementos culturais máis relevantes dos países onde se fala a lingua estranxeira, establecer relación entre aspectos culturais deses países e os propios rexeitando estereotipos negativos.

6.3. Obxectivos xerais do currículo por niveis referentes ás linguas

ETAPA INFANTIL

LINGUA GALEGA

Falar

- Iniciar o uso oral doutros linguas do currículo para comunicarse.
- Expresar sentimentos, desexos ou ideas mediante a lingua oral.

Escoitar

- Comprender, reproducir e recrear algúns textos literarios amosando actitude de valoración, goce e interese.

Ler/Escribir

- Iniciar a lectura e a escritura explorando o seu funcionamento e valorándoas coma instrumento de comunicación, información e goce.

LINGUA CASTELÁ

Falar

- Saudar usando as expresións adecuadas.
- Recitar rimas sinxelas.
- Usar palabras que describan o que hai ao seu carón.

Escoitar

- Entender e responder aos saúdos na clase.
- Entender instrucións sinxelas relacionadas coa vida da escola.
- Seguir pequenas historias.

Ler

- Seguir unha historia a partir das súas producións.
- Identificar as palabras escritas pola súa forma.

- Ler palabras simples asociadas as accións que se deben realizar.

Escribir

- Colorear debuxos.
- Estructurar secuencias de forma ordeada.
- Escribir palabras estereotipadas.

LINGUA INGLESA

Falar

- Iniciar o uso oral doutras linguas do currículo para comunicarse.
- Expresar sentimentos, desexos ou ideas mediante a lingua oral.

Escoitar

- Comprender, reproducir e recrear algúns textos literarios amosando actitude de valoración, goce e interese.

Ler/Escribir

- Iniciar a lectura e a escritura explorando o seu funcionamento e valorándoas coma instrumento de comunicación, información e goce.

ETAPA DE PRIMARIA

LINGUA GALEGA / OBXECTIVOS 1.º- 2º NIVEL DE PRIMARIA

Falar

- Participar en situacións comunicativas da aula tomando en consideración os hábitos e as regras que rexen estas situacións. Usar fórmulas e tratamento adecuados para saudar, despedirse, presentarse, escusarse e solicitar axuda.
- Expresar oralmente vivencias, feitos, sentimentos ou emocións, e comunicar mensaxes de xeito organizado.

Escoitar

- Comprender textos orais de uso habitual procedentes de diferentes soportes, identificando a información máis relevante.

Ler

- Localizar información concreta e realizar inferencias directas na lectura de textos.
- Ler textos diversos dos traballados e creados na aula, con descodificación e entoación axeitada, coa finalidade de gozar e/ou aprender coa escoita lectora.

Escribir

- Producir e reescribir textos diferentes e diversos con variados obxectivos comunicativos, seguindo modelos e observando estratexias de planificación, textualización (coidando as normas ortográficas elementais e os aspectos básicos da organización textual) e revisión de escritos. Iniciar o uso do procesador de texto para composicións sinxelas.

LINGUA CASTELÁ / OBXECTIVOS 1.º- 2º NIVEL DE PRIMARIA

Falar

- Participar en situacións comunicativas da aula tomando en consideración os hábitos e as regras que rexen estas situacións. Usar fórmulas e tratamento adecuados para saudar, despedirse, presentarse, escusarse e solicitar axuda.
- Expressar oralmente vivencias, feitos, sentimentos ou emocións, e comunicar mensaxes de xeito organizado.
- Coñecer e reproducir textos de literatura oral, especialmente a popular.

Escoitar

- Comprender textos orais de uso habitual procedentes de diferentes soportes, identificando a información máis relevante.

Ler

- Ler textos diversos dos traballados e creados na aula, con descodificación e entoación axeitada, coa finalidade de gozar e/ou aprender coa escoita lectora.

Escribir

- Producir e reescribir textos diferentes e diversos con variados obxectivos comunicativos, seguindo modelos e observando estratexias de planificación, textualización.

LINGUA INGLESA / OBXECTIVOS 1.º- 2º NIVEL DE PRIMARIA

Falar

- Valorar a lingua estranxeira como instrumento para comunicarse e para achegarse a nenos e nenas doutras culturas que teñen formas de vida diferentes da propia e para descubrir algúns aspectos comúns (xogos de sortes, xogos tradicionais e festas...).
- Participar comprensivamente, empregando formas lingüísticas e non lingüísticas, en producións orais moi sinxelas relativas a situacións e a temas de interese para o alumnado: xogos, dramatizacións de contos, instrucións para realizar actividades da aula.
- Amosar comprensión, mediante respostas verbais sinxelas e básicas, en situacións de comunicación cotiás (saúdo, despedida, presentación, expresión de estados de ánimo e outros) e iniciarse nas fórmulas orais da expresión cotiá.

Escoitar

- Amosar unha actitude positiva cara á aprendizaxe da nova lingua amosando interese por imitar, escoitar e reproducir rimas, cancións, xogos, elementos repetitivos dos contos e de cancións.

Ler/ Escribir

- Comprender e reproducir mensaxes verbais e escritas, significativas e contextualizadas coa axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos.

LINGUA GALEGA / OBXECTIVOS 3º- 4º NIVEL DE PRIMARIA

Falar

- Participar en situacións comunicativas que se dan na aula (reais ou simuladas) e que correspondan a diversa tipoloxía (conversa, expresión espontánea, asemblea, debate) e a diversos obxectivos comunicativos, respectando as normas que rexen estas situacións.
- Producir textos orais (explicacións sinxelas, exposicións, narracións ...) presentando coherentemente ideas, estados de ánimo, sentimentos, emocións, feitos, vivencias e opinións.

Escoitar

- Comprender textos orais de uso cotián, extraendo o senso global das mensaxes orais.

Ler

- Memorizar e reproducir textos orais propios da literatura popular galega empregando a pronuncia e entoación adecuadas.
- Detectar e comprender a información explícita en textos escritos (en soporte papel ou dixital) realizando inferencias directas sobre o seu contido.
- Interpretar as ideas contidas nos textos escritos habituais (expositivos, informativos, instrutivos e literarios), tanto en formato impreso como multimedia, integrándoas nos seus propios esquemas de coñecemento.
- Ler expresivamente textos de tipoloxía variada (entre os traballados e/ou elaborados na aula) con fluidez e entoación adecuadas vinculadas á puntuación e á intencionalidade e coa velocidade apropiada segundo o tipo de texto e o obxectivo lector (ler para deleitar outras persoas, ler para dar a coñecer un texto propio, ler para compartir información dun texto único na aula).

Escribir

- Elaborar e reescribir textos escritos de diferente tipoloxía e formato (impreso e/ou multimedia) acordes a diversas situacións funcionais cotiás (cartas, avisos, solicitudes, instrucións, normas, anuncios, noticias) e literarias (contos, poesías, cómics) empregando estratexias de planificación, de textualización e de revisión de escritos.

- Identificar en textos orais e escritos de uso cotián termos e usos que poidan supoñer discriminación.

LINGUA CASTELÁ/ OBXECTIVOS 3º- 4º NIVEL DE PRIMARIA

Falar

- Participar en situacións comunicativas que se dan na aula (reais ou simuladas) e que correspondan a diversa tipoloxía (conversa, expresión espontánea, asemblea, debate) e a diversos obxectivos comunicativos, respectando as normas que rexen estas situacións.
- Producir textos orais (explicacións sinxelas, exposicións, narracións ...) presentando coherentemente ideas, estados de ánimo, sentimentos, emocións, feitos, vivencias e opinións.

Escoitar

- Comprender textos orais de uso cotián, extraendo o senso global das mensaxes orais.

Ler

- Memorizar e reproducir textos orais propios da literatura popular empregando a pronuncia e entoación adecuadas.
- Interpretar as ideas contidas nos textos escritos habituais.
- Ler expresivamente textos de tipoloxía variada.

Escribir

- Detectar e comprender a información explícita en textos escritos (en soporte papel ou dixital) realizando inferencias directas sobre o seu contido.
- Elaborar e reescribir textos escritos de diferente tipoloxía e formato (impreso e/ou multimedia) acordes a diversas situacións funcionais cotiás (cartas, avisos, solicitudes, instrucións, normas, anuncios, noticias) e literarias (contos, poesías, cómics) empregando estratexias de planificación, de textualización e de revisión de escritos.
- Coñecer textos de literatura infantil (poesía, cómics, contos...) adecuados ao ciclo, coa finalidade de gozo coa lectura e de uso como modelo para as súas reescrituras, reelaboracións e producións escritas.

LINGUA INGLESA / OBXECTIVOS 3º- 4º NIVEL DE PRIMARIA

Falar

- Valorar a lingua estranxeira como instrumento para comunicarse, para achegarse a nenos e nenas doutras culturas que teñen formas de vida diferentes da propia e para descubrir algúns aspectos culturais diferentes e semellantes á identidade galega (simboloxía, música, festas e xogos tradicionais).

- Amosar comprensión mediante respostas non verbais (xestos, movementos, actividades artísticas) a instrucións básicas dadas en situación habituais na aula e no centro.
- Participar comprensivamente en situacións de comunicación (da vida da aula ou simuladas), respectando as normas básicas dos intercambios orais e empregando formas lingüísticas e non lingüísticas.

Escoitar

- Captar a información máis relevante e identificar información global en mensaxes diversas que inclúan textos orais, sobre temas familiares e de interese para os nenos e as nenas.

Ler

- Memorizar e producir textos orais coñecidos previamente e de interese para os nenos e as nenas mediante a participación activa en representacións, cancións, recitados, dramatizacións e interaccións dirixidas.

Escribir

- Comprender o significado global e algunhas informacións específicas de textos sinxelos, en soporte papel e dixital, sobre temas diversos, motivadores e adaptados á competencia lingüística de nenos e de nenas.
- Producir mensaxes escritas significativas en que aparezan enunciados e textos curtos a partir de modelos, cunha finalidade determinada e cun formato preestablecido, tanto en soporte papel como dixital.
- Usar formas e estruturas propias da lingua estranxeira en diferentes contextos comunicativos e motivadores de forma significativa.

LINGUA GALEGA / OBXECTIVOS 5º - 6º NIVEL DE PRIMARIA

Falar

- Participar nas diversas situacións de intercambio oral que se producen na aula observando as actitudes adecuadas e autorregulando as estratexias que fan efectiva a comunicación.
- Expresarse oralmente con corrección, usando diferentes textos segundo a situación comunicativa de que se trate e empregando os recursos lingüísticos e non lingüísticos que cumbran.
- Producir textos orais a partir de textos preexistentes da literatura oral popular (refrás, ditos, conxuros, lendas, contos, adiviñas, cantigas, cancións, romances) co ritmo e a entoación adecuados.

Escoitar

- Comprender textos orais diversos interpretando as intencións explícitas así como as intencións, valores e opinións non explícitos.

Ler

- Buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados (webs, libros, carteis) e realizar inferencias determinando intencións e dobres sentidos.
- Interpretar e integrar as concepcións previas e ideas propias coas contidas nos textos comparando e contrastando informacións variadas.
- Ler expresivamente textos de diversa tipoloxía con fluidez e precisión, atendendo á dicción, entoación, intensidade de voz, ritmo e velocidade, adecuados ás diversas situacións funcionais da lectura en voz alta.
- Coñecer textos de literatura infantil en galego adecuados ao ciclo coa finalidade de que sirvan de modelos para a escritura creativa e de recursos para a lectura por pracer.
- Analizar criticamente os textos e hipertextos e reflexionar sobre o seu contido identificando a estrutura, o uso da linguaxe e o punto de vista da autora ou do autor a partir dos cambios que se poden producir nos elementos textuais efectuando modificacións variadas neles.

Escribir

- Producir textos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir, resumir, explicar e expoñer opinións, emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás da aula de xeito coherente, usando o máis adecuadamente posible estratexias de planificación, de textualización e de revisión e empregando soportes variados, incluídos os dixitais.
- Analizar textos orais e escritos producidos en diferentes variedades da lingua galega.
- Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, implícita e funcionalmente, e como apoio á comprensión e á produción de textos.

LINGUA CASTELÁ / OBXECTIVOS DE 5º - 6º NIVEL DE PRIMARIA

Falar

- Participar nas diversas situacións de intercambio oral que se producen na aula observando as actitudes adecuadas e autorregulando as estratexias que fan efectiva a comunicación.
- Comprender textos orais diversos interpretando as intencións explícitas, así como as intencións, valores e opinións non explícitas.
- Expresarse oralmente con corrección, usando diferentes textos orais segundo a situación comunicativa de que se trate e empregando os recursos lingüísticos e non lingüísticos que sexan precisos.

Escoitar

- Producir textos orais a partir de textos preexistentes da literatura oral popular (refrán, ditos, esconxuros, lendas, contos, adiviñas, cantigas, cancións, romances) co ritmo e a entoación adecuados.

Ler

- Buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados (webs, libros, carteis) e realizar inferencias determinando intencións e dobres sentidos.
- Interpretar e integrar as concepcións previas e ideas propias coas contidas nos textos, comparando e contrastando informacións variadas.
- Ler expresivamente textos de diversa tipoloxía con fluidez e precisión atendendo á dicción, entoación, intensidade de voz, ritmo e velocidade adecuados ás diversas situacións funcionais da lectura en voz alta.

Escribir

- Producir textos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir, resumir, explicar e expoñer opinións, emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás da aula de xeito coherente, usando o máis adecuadamente posible estratexias de planificación, de textualización e de revisión e empregando soportes variados, incluídos os dixitais.
- Analizar criticamente os textos e hipertextos e reflexionar sobre o seu contido, identificando a estrutura, o uso da linguaxe e o punto de vista da autora ou do autor a partir dos cambios que se poden producir nos elementos textuais efectuando modificacións variadas neles.
- Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, implícita e funcionalmente, e como apoio á comprensión e á produción de textos.

LINGUA INGLESA / OBXECTIVOS DE 5º - 6º NIVEL DE PRIMARIA

Falar

- Valorar a lingua estranxeira como instrumento para comunicarse e para achegarse a rapaces e rapazas doutras culturas que teñen formas de vida diferentes da propia e para descubrir algúns aspectos culturais diferentes e semellantes á identidade galega través de diferentes canles de comunicación.
- Comprender o sentido global de mensaxes orais significativas e identificar informacións específicas destas emitidas en diferentes situación de comunicación, procedentes de distintas fontes e en diversos formatos.
- Manter conversas cotiás sobre temas de interese coñecidos e traballados con anterioridade en situacións de comunicación funcionais, respectando as normas básicas dos intercambios, como esperar a quenda, escoitar e mirar a quen fala e interesarse polas intervencións alleas.

Escoitar

- Empregar a lingua estranxeira como instrumento para a construción de novas aprendizaxes que non sexan puramente lingüísticas (obradoiro de solidariedade, de educación viaria, aprendizaxe e práctica dun xogo deportivo, dunha técnica artística ...).

- Recoñecer, identificar e valorar algúns aspectos socioculturais do país ou países onde se fala a lingua estudada, identificando semellanzas e diferenzas coa nosa realidade. Demostrar curiosidade e interese por buscar información a través de diferentes medios.

Ler

- Localizar en mensaxes escritas (en diversos formatos), e relacionadas cos intereses dos rapaces e das rapazas, información explícita e realizar inferencias directas baseadas no contexto.
- Usar formas e estruturas básicas propias da lingua estranxeira, incluíndo aspectos de ritmo, de acentuación, e de entoación en diferentes contextos comunicativos de forma significativa.

Escribir

- Compoñer mensaxes escritas significativas atendendo ás persoas a quen van dirixidas, ao tipo de texto e á finalidade, tanto en soporte papel como dixital, e elaboradas de forma cooperativa.
- Amosar confianza e interese por transmitir diferentes aspectos da propia cultura a outros nenos e nenas empregando o idioma estranxeiro oralmente e por escrito e valorando positivamente o que desde a nosa cultura podemos ofrecer.

ETAPA DE SECUNDARIA

LINGUA GALEGA / OBXECTIVOS 1º-2º ESO

Falar

- Realizar exposicións orais planificadas claras e áxiles de información de actualidade poñendo de relevo as diferenzas no modo de presentar uns mesmos feitos de diferentes medios, así como participar de forma construtiva en diversas interaccións comunicativas (simulacións, traballos colaborativos ...) respectando as regras que as rexen. Adoptar o rexistro adecuado a cada tipo de texto e situación.

Escoitar

- Observar os condicionamentos actuais da valoración e uso social da lingua galega e utilízala con fluidez e normalidade nos máis diversos contextos comunicativos.
- Recoñecer e comprender a diversidade lingüística do mundo actual.

Ler

- Extraer a intención comunicativa, o tema, as ideas principais e os datos relevantes de diferentes textos orais dos medios de comunicación e do ámbito escolar, así como seguir instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía.

- Consultar de maneira progresivamente autónoma textos en diferentes soportes co fin de seleccionar a información relevante e incorporala ás propias producións, especialmente a traballos do ámbito académico adecuados ao nivel.
- Ler con regularidade obras literarias e desenvolver criterio lector; expoñer unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relacionando o seu sentido coa propia experiencia e valorando o uso dos elementos do xénero, o punto de vista e o emprego da linguaxe.

Escribir

- Escribir, a partir de modelos aos que incorporar as propias achegas, textos propios dos medios de comunicación e dos ámbitos social e académico. Planificar e revisar os ditos textos con progresiva autonomía aplicándolles normas de coherencia, de cohesión, de corrección e de precisión léxica.
- Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión e para compoñer e revisar de xeito progresivamente autónomo os propios textos.
- Utilizar os coñecementos literarios na comprensión de textos breves ou fragmentos, atendendo especialmente aos trazos dos subxéneros e á funcionalidade dos recursos retóricos.
- Participar de maneira activa na creación de textos de intención estética tomando como modelo os lidos e comprendendo os recursos que se empregarán.

LINGUA CASTELÁ / OBXECTIVOS 1º-2º ESO

Falar

- Captar a intención comunicativa e a idea xeral e secundarias dos textos orais social e academicamente próximos ao alumnado; identificar a información relevante en textos audiovisuais; e seguir instrucións para a realización autónoma de tarefas de aprendizaxe.
- Realizar exposicións orais sinxelas sobre temas próximos á contorna do alumnado, claras e estruturadas, coa axuda de medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación.

Escoitar

- Expoñer unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra completa axeitada á idade do alumnado; recoñecer a estrutura e os elementos de xénero; valorar o uso da linguaxe e o punto de vista da autora e do autor. Diferenciar contido literal e sentido da obra e relacionar o contido coa propia experiencia. Utilizar os coñecementos literarios na comprensión e valoración dos textos.

Ler

- Identificar en textos orais e escritos a presenza dun uso sexista da linguaxe ou de valoracións discriminadoras sobre colectivos ou culturas distintos.

Escribir

- Comprender a intención comunicativa e captar a relación entre a idea xeral e as secundarias de textos escritos próximos á experiencia do alumnado; e seguir instrucións de certa extensión.
- Narrar, expoñer, resumir, explicar e comentar, en soporte papel e dixital, usando o rexistro adecuado, organizando as ideas con claridade e cohesión, respectando as normas gramaticais e ortográficas, e valorando a importancia de planificar e revisar o texto.
- Aplicar os coñecementos literarios na comprensión e valoración de fragmentos, atendendo ao xénero, aos temas e motivos da tradición, á caracterización dos subxéneros literarios, á versificación e á funcionalidade dos recursos retóricos máis relevantes.
- Compoñer textos, en soporte papel ou dixital, tomando como modelo textos literarios ou realizar algunhas transformacións neses textos.
- Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión de textos orais e escritos e para a composición e revisión dos textos propios deste curso.
- Coñecer unha terminoloxía lingüística básica nas actividades de reflexión sobre o uso.

LINGUA INGLESA / OBXECTIVOS 1º-2º ESO

Falar

- Participar con progresiva autonomía en conversas e simulacións relativas ás experiencias persoais, plans e proxectos, empregando estruturas sinxelas, as expresións máis usuais de relación social, e unha pronuncia axeitada para conseguir a comunicación.

Escoitar

- Comprender a idea xeral e informacións específicas de mensaxes orais emitidas cara a cara ou procedentes de distintos medios audiovisuais, sobre temas coñecidos.

Ler

- Comprender a información xeral e a específica de diferentes textos escritos, auténticos e adaptados de extensión variada e axeitados á súa idade, demostrando a comprensión mediante unha actividade específica.
- Identificar e poñer exemplos dalgúns aspectos sociais, culturais, históricos, xeográficos ou literarios propios de países onde se fala a lingua estranxeira e amosar interese por coñecelos.

Escribir

- Redactar de xeito guiado textos diversos en diferentes soportes, empregando estruturas, conectores sinxelos e léxico adecuados, coidando os aspectos formais e respectando as regras elementais de ortografía e de puntuación para

que sexan comprensibles ao lector e presenten unha corrección aceptable para a comunicación.

- Utilizar os coñecementos adquiridos sobre o sistema lingüístico da lingua estranxeira, en diferentes contextos de comunicación, como instrumento de autoaprendizaxe e de autocorrección das producións propias orais e escritas e para comprender as producións alleas.
- Usar de xeito guiado as tecnoloxías da información e a comunicación para buscar información, producir textos a partir de modelos e para establecer relacións persoais amosando interese polo seu uso.
- Reformular na lingua propia o sentido dun texto, oral ou escrito, sobre temas previamente traballados na aula, para facelo comprensible a interlocutores que descoñecen a lingua estranxeira en estudo.

LINGUA GALEGA/ OBXECTIVOS 3º-4º ESO

Falar

- Realizar exposicións orais planificadas claras e áxiles de traballos e de informacións de actualidade diferenciando información, opinión e persuasión, así como participar de forma construtiva en diversas interaccións comunicativas (debates, traballos colaborativos...) respectando as regras que as rexen. Adoptar o rexistro adecuado a cada tipo de texto e situación.

Escoitar

- Identificar a intención comunicativa implícita e explícita, o tema, a idea principal e as secundarias, a tese e os argumentos de textos propios dos medios de comunicación audiovisual e do ámbito académico.

Ler

- Comprender textos escritos do ámbito público, dos medios de comunicación e da vida académica, identificando as ideas principais e secundarias, o propósito comunicativo implícito ou explícito, contrastando explicacións e argumentos.
- Consultar de maneira autónoma textos en diferentes soportes co fin de seleccionar información relevante, analizala criticamente, extraer conclusións fundamentadas e integralas nas propias producións, especialmente en traballos do ámbito académico adecuados ao nivel.
- Utilizar os coñecementos literarios na comprensión de textos breves ou fragmentos, atendendo especialmente á relación co contexto, ás innovacións e á funcionalidade dos recursos retóricos.

Escribir

- Escribir textos propios da vida cotiá, das relacións sociais, dos medios de comunicación e do ámbito académico tendo como referencia os modelos propostos na aula e expresando con claridade as propias opinións razoadas. Planificar e revisar autonomamente ditos textos para asegurar a súa coherencia, cohesión, corrección e precisión léxica.

- Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión e para compoñer e revisar con autonomía os propios textos.
- Participar de maneira activa na creación de textos de intención estética tomando como modelo os lidos e comprendendo os recursos que se empregarán; explicar as relacións das obras co contexto histórico e literario en que aparecen e os autores máis relevantes, realizando un traballo de información e de síntese ou de resolución de problemas.

LINGUA CASTELÁ / OBXECTIVOS 3º-4º ESO

Falar

- Realizar presentacións orais claras e estruturadas sobre temas académicos, sociais, políticos, culturais coa axuda dos medios de comunicación e das TIC.

Escoitar

- Comprender a intención comunicativa, as ideas principais, os datos relevantes, as teses ou argumentos dos textos orais nos medios de comunicación ou no ámbito escolar.

Ler

- Expoñer unha opinión argumentada sobre a lectura de obras a partir do século XIX ata a actualidade; avaliar a composición xeral e relacionar o sentido da obra e a propia experiencia.
- Identificar e valorar en textos orais e escritos a presenza dun uso sexista da linguaxe ou de valoracións discriminatorias sobre colectivos ou culturas distintos. Propoñer outras formulacións que eliminen a discriminación detectada.
- Utilizar os coñecementos literarios na comprensión e valoración de textos breves da literatura contemporánea, relacionando fragmentos e autores co seu contexto literario e histórico; valorar as innovacións dos xéneros e as formas na literatura contemporánea.

Escribir

- Comprender a intención comunicativa, temas, organización da información de textos escritos nos medios de comunicación ou no ámbito públicos e vulgar a eficacia dos procedementos lingüísticos usados. Comprender instrucións que regulan a vida social e procesos de aprendizaxe complexos.
- Expoñer, explicar, argumentar, resumir e comentar, en soporte papel ou dixital, usando o rexistro adecuado, con claridade e coherencia, respectando as normas gramaticais e ortográficas e valorando a importancia de planificar e revisar o texto.
- Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas de uso para resolver problemas de comprensión de textos orais e escritos e para a composición e revisión autónoma dos textos propios.

Falar

- Participar en conversas e simulacións utilizando estratexias axeitadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, producindo un discurso comprensible e adaptado ás características da situación e á intención comunicativa.

Escoitar

- Comprender a idea principal e os detalles máis relevantes de mensaxes orais emitidas en situacións de comunicación interpersoal ou polos medios audiovisuais, sobre temas que non esixan coñecementos especializados.
- Identificar, utilizar e explicar estratexias utilizadas, poñer exemplos doutras posibles e decidir sobre as máis axeitadas ao obxectivo da aprendizaxe.

Ler

- Comprender a información xeral e específica de diversos textos escritos auténticos e adaptados e de extensión variada, identificando datos, opinións, argumentos, informacións implícitas e intención comunicativa do autor.
- Usar as tecnoloxías da información e a comunicación con certa autonomía para buscar información, producir textos a partir de modelos, enviar e recibir mensaxes de correo electrónico e para establecer relacións persoais orais e escritas, amosando interese polo seu uso.

Escribir

- Redactar con certa autonomía textos diversos cunha estrutura lóxica, utilizando as convencións básicas propias de cada xénero, o léxico apropiado ao contexto e os elementos necesarios de cohesión e coherencia, de maneira que sexan facilmente comprensibles para o lector.
- Utilizar de forma consciente os coñecementos adquiridos sobre o sistema lingüístico da lingua estranxeira en diferentes contextos de comunicación, como instrumento de autocorrección e de autoavaliación das producións propias orais e escritas e para comprender as producións alleas.
- Identificar e describir os aspectos culturais máis relevantes dos países onde se fala a lingua estranxeira e establecer algunhas relacións entre as características máis significativas dos costumes, usos, actitudes e valores da sociedade falante da lingua en estudo e a propia, e amosar respecto cara a elas.
- Reformular na lingua propia o sentido dun texto, oral ou escrito, sobre temas previamente traballados na aula, para facelo comprensible a interlocutores que descoñecen a lingua estranxeira en estudo.

6.4. Obxectivos que deberá acadar o centro educativo

- Converterse nunha oferta educativa interesante e diferente a ter en conta polas familias.

6.5. Obxectivos que deberán acadar os docentes

- Aumentar a competencia lingüística.
- Aumentar a coordinación entre todos os profesores que forman parte do proxecto.

6.6. Obxectivos que deberán acadar as familias

- Mellorar as expectativas educativas que o centro ofrece aos seus fillos e fillas.
- Sentirse parte activa do proxecto a través de reunións informativas por parte do centro.

7.- CRONOGRAMA

7.1. Proporción do uso vehicular do galego, castelán e inglés nas diferentes etapas

Os programas plurilingües deben prever, en todos os niveis das distintas ensinanzas, a presenza no currículo de áreas, materias en galego e en castelán, independentemente da lingua base do programa plurilingüe que se aplique, de xeito que, polo menos e ademais das áreas ou materias lingüísticas, se imparta unha máis na lingua que non é a base do programa.

Todas as áreas ou materias non lingüísticas son susceptibles de ser impartidas en galego, castelán ou en inglés, agás as áreas de ciencias naturais e ciencias sociais que se deben impartir en galego, sen prexuízo do cal unha parte do currículo da devandita área (-50%) (Science), poida ser impartida en inglés.

Ademais tamén se imparten actividades extracurriculares en inglés.

EDUCACIÓN INFANTIL

Se ben o profesorado utilizará, como primeira lingua, na aula a lingua materna predominante entre o alumnado, terase en conta a lingua do ámbito socio-educativo e procurará que o alumnado adquira de forma oral e escrita o coñecemento da outra lingua oficial da Comunidade autónoma de Galicia.

Xunto coa presenza das dúas linguas oficiais así como a atención individualizada ao alumnado en función da súa lingua materna, introducirase, a partir do primeiro curso o inglés. Pero na aplicación do programa de educación plurilingüe vincularanse as tres linguas ata alcanzar a proporción dun terzo do horario lectivo do grupo, a partir do primeiro curso da etapa de primaria.

EDUCACIÓN PRIMARIA

Ademais de polo ensino do galego e do castelán, caracterizarase polo ensino do inglés de contidos específicos do currículo de, polo menos, unha área non lingüística, logo de autorización da administración educativa.

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

Unha vez obtido por parte do profesorado, actualmente en vías de formación, o nivel de competencia correspondente ao B2 do Marco Común de Referencia para as linguas, e previa autorización da administración educativa corresponderá ao Consello Escolar, por proposta da Comisión de Coordinación Pedagóxica -unha vez oído o Claustro de Profesores- determinar en que idioma se impartirán as restantes materias, garantindo que as materias en galego, castelán e inglés se distribúan nunha porcentaxe similar.

7.2. Cronograma na implantación dos programas de educación plurilingüe nas etapas de primaria e secundaria:

- Curso 2014 - 2015: 1º curso de primaria
- Curso 2015 - 2016: 2º curso de primaria
- Curso 2016 - 2017: 3º curso de primaria
- Curso 2017 - 2018: 4º curso de primaria
- Curso 2018 - 2019: 5º curso de primaria
- Curso 2019 - 2020: 6º curso de primaria
- Curso 2020 - 2021: debido á pandemia, non houbo convocatoria para presentar o plurilingüismo en secundaria; motivo polo cal solicitarémolo de cara ao curso que vén. O cronograma de implantación para esta etapa é o que segue:
 - Curso 2021 - 2022: 1º ESO
 - Curso 2022 - 2023: 2º ESO
 - Curso 2023 - 2024: 3º ESO
 - Curso 2023 - 2024: 3º ESO

Nos cadros que se presentan na seguinte páxina figuran os cursos, materias e número de horas que se dedican a cada unha das linguas en Primaria e Secundaria.

7.3. Cronograma do Programa de Educación Plurilingüe na Educación Primaria

EDUCACIÓN PRIMARIA

CURSO	LINGUA	Nº DE HORAS	MATERIAS
1º PRIMARIA	Galego	11	Lingua Galega, Ciencias Sociais, Ciencias da Natureza, Educación Física
	Castelán	11	Lingua Castelá, Matemáticas, E. Artística (Música), Relixión/Valores.
	Inglés	3	Lingua Inglesa, Arts&Crafts
2º PRIMARIA	Galego	11	Lingua Galega, Ciencias Sociais, Ciencias da Natureza, Educación Física, Música
	Castelán	11	Lingua Castelá, Matemáticas, Relixión/Valores
	Inglés	3	Lingua Inglesa, Arts&Crafts
3º PRIMARIA	Galego	11	Lingua Galega, Ciencias Sociais, Ciencias da Natureza, Educación Física
	Castelán	10	Lingua Castelá, Matemáticas, E. Artística (Música), Relixión/Valores.
	Inglés	4	Lingua Inglesa, Arts&Crafts
4º PRIMARIA	Galego	10	Lingua Galega, Ciencias Sociais, Ciencias da Natureza, Educación Física.
	Castelán	11	Lingua Castelá, Matemáticas, E. Artística (Música), Relixión/Valores, Matemáticas R/P.
	Inglés	4	Lingua Inglesa, Arts&Crafts
5º PRIMARIA	Galego	10	Lingua Galega, Ciencias Sociais, Ciencias da Natureza, Educación Física.
	Castelán	11	Lingua Castelá, Matemáticas, Educación Artística (Música), Relixión/Valores.
	Inglés	4	Lingua Inglesa, Arts&Crafts
6º PRIMARIA	Galego	11	Lingua Galega, Ciencias Sociais, Ciencias da Natureza, Educación Física, EA (Música)
	Castelán	10	Lingua Castelá, Lingua Castelá R/P, Matemáticas, Relixión/Valores,
	Inglés	4	Lingua Inglesa, Arts&Crafts

EDUCACIÓN SECUNDARIA

CURSO	LINGUA	Nº DE HORAS	MATERIAS
1º ESO	Galego	17	Lingua Galega, Lingua Af/R, Xeografía e Historia, Bioloxía e Xeoloxía, EF, Lingua Inglesa
	Castelán	15	Lingua Castelá, Matemáticas, EPVA, Valores , Lingua Francesa, Tutoría
2º ESO	Galego	16	Lingua Galega, Xeografía e Historia, EF, Música, Valores, Tutoría, Lingua Inglesa, Lingua Af/R
	Castelán	16	Lingua Castelá, Matemáticas, Fª e Qª, Tecnoloxías , Lingua Francesa
3º ESO	Galego	17	Lingua Galega, Xeografía e Historia, Bioloxía e Xeoloxía, EF, Cultura Clásica, EPVA, Lingua Francesa, Lingua Inglesa
	Castelán	15	Lingua Castelá, Matemáticas, Valores sociais, Fª e Qª, Música, Tecnoloxía, Tutoría
4º ESO	Galego	15	Lingua Galega, Xeografía e Historia, TIC, Bª e Xª/Cª Apli., EF, Tutoría
	Castelán	17	Lingua Castelá, Matemáticas, Fª e Qª/In. Ac. Emprendedora, V. Sociais, EPVA, Lingua Inglesa

Nos cursos de Educación Secundaria Obligatoria o cronograma de inglés verase incrementado unha vez vaia incorporándose o alumnado do proxecto a esta etapa.

8.- PROFESORADO E FUNCIÓNS

- Profesorado de áreas lingüísticas.
- Profesorado plurilingüe de áreas non lingüísticas con capacitación en lingua estranxeira e galega.
- Coordinador do programa plurilingüe:
 - Coordinar baixo a supervisión do equipo directivo as accións que se desenvolvan no centro en relación co programa plurilingüe.
 - Exercer a coordinación do proxecto.

9.- PLANIFICACIÓN DAS ACCIÓNS DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

Contar con profesorado cualificado que teña a preparación lingüística adecuada xunto ao coñecemento de técnicas e estratexias específicas para o ensino de idiomas e contidos, son requisitos indispensables para que o alumnado reciba unha formación que lles axude a progresar na lecto-escritura en varios idiomas.

A iso hai que engadir que teñan dominio da aula e capacidade e vontade de traballar conxuntamente cos seus compañeiros e compañeiras, tanto os do seu propio curso coma os dos superiores e inferiores, na planificación de leccións e na busca e creación de materiais en varios idiomas.

9.1.- Medidas destinadas a mellorar a coordinación e o funcionamento dos programas:

- Reunións cos coordinadores do programa.
- Organización de actividades plurilingües.
- Asesoramento ao profesorado dos distintos departamentos sobre o mellor xeito de implantar un currículo integrado e a lingua estranxeira nas clases e prover reforzo lingüístico ao alumnado que así o necesite.

9.2.- Medidas dirixidas a mellorar a formación do profesorado e a axudarlle directamente na clase

- Formación lingüística, tanto a distancia como presencial, para obter as titulacións requiridas.
- Grupo de traballo para programación, uso de técnicas e estratexias comunicativas, organización e desenvolvemento das clases.
- Ferramentas de motivación e avaliación das competencias lingüísticas.

10.- TRATAMENTO METODOLÓXICO E DIDÁCTICO INTEGRADO DAS DIFERENTES LINGUAS: GALEGO, CASTELÁN, INGLÉS E FRANCÉS

10.1.- Tratamento metodolóxico e didáctico xeral

- Desenvolverase unha metodoloxía activo-participativa que xere situacións en que se poida producir unha aprendizaxe significativa, para iso serán aspectos esenciais:
 - Continuar realizando as actividades extracurriculares das distintas linguas en

todas as etapas educativas.

- Traballar as habilidades de escoitar e de ler que serán sempre anteriores á de falar e escribir.
 - Utilizar, para reforzar a mensaxe e o significado dos conceptos sen necesidade de tradución, apoios xestuais e visuais.
 - Incitar ao alumnado á súa participación activa nas actividades lingüísticas.
 - Utilizar recursos diferentes para cada un dos idiomas.
 - Favorecer as interaccións entre o alumnado e entre alumno-a e profesor-a.
 - Considerar e valorar intereses e necesidades comunicativas do alumnado para planificar convenientemente as intervencións didácticas.
 - Respetar o ritmo individual da aprendizaxe.
- Basicamente traballarase con libro de texto, caderno e as fichas, sen descoidar as TICs.
 - Referente a usos e formas da comunicación oral: traballarase imaxes, adiviñas, refráns, poemas, contos, descrições... a partir das propias vivencias potenciando a conversa espontánea.
 - Referente a usos e formas da comunicación escrita: relacionarase coa propia experiencia. Analizaranse as estruturas e os diferentes tipos de texto, buscando a identificación de elemento e partes, así como a localización das ideas fundamentais.
 - As estruturas básicas da lingua presentaranse de forma funcional, coa finalidade de introducir novos conceptos e que en ciclos superiores adquiran forma. Fomentarase o uso do dicionario.
 - Con respecto ao léxico: a aprendizaxe de novas palabras, faise de dúas formas: aproveitando os textos con exercicios de expresión oral e escrita, e con exercicios específicos nos que se expoñen de forma gradual unha serie de palabras para traballar e aprender.
 - Se o alumno-a presenta dificultades na comprensión deberá realizar actividades de reforzo, e, se presenta maior capacidade de traballo que a media do alumnado, poderá realizar fichas para aprofundar.
 - No que respecta ao Plan de Animación Lectora do Centro, formará parte do currículo a lectura obrigada de libros axeitados á etapa e idade dos alumnos-as para cada unha das catro linguas.

10.2.- Tratamento metodolóxico e didáctico específico

EDUCACIÓN PRIMARIA

No noso alumnado, o castelán é a lingua materna dominante.

- 1º e 2º primaria (castelán): afianzamento de lectura e de escritura partindo das ideas previas do alumnado para chegar a unha aprendizaxe significativa.
- 1º e 2º primaria (galego): en 1º traballarase a nivel oral en situacións cotiás e a partir de 2º introducirase a lectura e escritura.

As esixencias a nivel escrito responderán a situacións comunicativas traballadas previamente a nivel oral e faranse sempre tendo en consideración as posibilidades expresivas e de dominio da nova lingua que ten o alumno-a.

- 3º e 4º de primaria (castelán - galego): gozar do mundo da lectura. Interpretar e

- producir mensaxes: desenvolver a sensibilidade estética.
- 5º e 6º de primaria (castelán - galego): utilización da lingua como instrumento de aprendizaxe. Reflexionar sobre o uso da lingua. Potenciar o hábito lector.
 - Primaria (lingua estranxeira: inglés): contextualizar ou interrelacionar os contidos de xeito directo coas experiencias adquiridas.
 - Promover en todo momento a expresión e a participación.
 - Dotar as actividades que se realicen dos principios básicos da acción, comprensión e intercomunicación.
 - A comprensión favorecerase a través de recursos non verbais diferenciados dos utilizados nas outras linguas do currículo.

Aínda que o usual é que os alumnos-as de primaria posúan un tratamento lingüístico, hai que programar estratexias que dean resposta aos alumnos-as que requiran dunha atención específica na consecución dos obxectivos establecidos no presente proxecto. Nestas circunstancias a meta para conseguir, no primeiro ano de incorporación, é a adquisición da competencia comunicativa nas linguas do currículo máis que nos contidos deste.

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

A finalidade da educación secundaria obrigatoria é o desenvolvemento integral e harmónico da persoa nos aspectos intelectuais, afectivos e sociais. Un compoñente fundamental deste desenvolvemento constitúeo a educación lingüística e literaria, entendida a primeira como a capacidade para usar a lingua nas diversas esferas da actividade social- incluídas a adquisición e transmisión do coñecemento - e a segunda como o conxunto de habilidades e destrezas necesarias para ler de forma competente os textos literarios significativos do noso ámbito cultural. Ademais, a mellora da competencia nas habilidades lingüísticas é un factor determinante para conseguir os obxectivos específicos de cada materia non lingüística.

O eixe da educación lingüística estará constituído polos procedementos encamiñados ao desenvolvemento das capacidades de expresión e comprensión oral e escrita, nas dúas linguas oficiais así como nas dúas linguas estranxeiras (inglés e francés), en contextos sociais significativos, así como no ámbito da comunicación literaria. Estes procedementos requiren unha reflexión planificada sobre o funcionamento da linguaxe e sobre as características formais da lingua cuxo uso se está a aprender, coñecemento que se organiza en forma de conceptos gramaticais. Ademais, a aprendizaxe da lingua implica a aprendizaxe de significados culturais acompañados de valoracións sociais e sociolingüísticas que requiren o desenvolvemento de actitudes críticas acerca do modo como a linguaxe os transmite.

10.3.- Tratamento da diversidade lingüística

Cando un alumno-a necesite unha atención específica para suplir a baixa competencia lingüística nalgunha das linguas oficiais, fai necesario o establecemento de obxectivos, estratexias e actuacións, para permitirlles a consecución dos obxectivos que, en materia lingüística, determinan o marco legal. Neste caso procederase do seguinte xeito:

- Informarase aos pais e nais do programa plurilingüe e tratarase de obter a súa colaboración positiva para lograr a consecución dos obxectivos propostos.
- Aplicaranse as medidas recollidas no plan de atención á diversidade, recorrerase á atención individualizada a través do gabinete de orientación, así como ao uso de material curricular diferenciado e á elaboración de adaptacións curriculares individuais non significativas se fose o caso.
- Elaboración de ACIS nos casos sinalados e comprobados polo titor-a e o gabinete psicopedagóxico.
- Distribución de espazo e de tempo de maneira que permita atender aos alumnos-as dun xeito individualizado nalgúns momentos da xornada.
- Ofrecer axudas para que poidan comprender e tratar contidos que se traballan despois con todo o grupo e que lles permitirán unha maior integración nas actividades de aula.

10.4.- Alumnado exento da materia Lingua Galega

- No caso de que se presentara algún alumno/a con exención en Lingua Galega integrariámolo ao máximo en todo o relacionado co centro, traballando de xeito gradual, con material adaptado aos seus progresos e contando coa axuda continua do seu profesorado. Se fora necesario procuraríamos un horario de apoio para a súa rápida inmersión no idioma.
- Por outra parte, no caso das materias que este alumnado teñan que ser recibidas en lingua galega, o departamento de orientación, en colaboración co EDLG, adoptará medidas encamiñadas a que poidan aproveitar as ensinanzas que se imparten. Concretaranse en:
 - Entrega de material apropiado a situación lingüística e escolar do alumnado.
 - Entrega de bibliografía complementaria apropiada segundo a idade e curso, para facilitarlle o acceso aos contidos establecidos na programación.
 - O profesorado prestará especial atención as dúbidas de comprensión idiomática que presente o alumnado, tanto no referido ás explicacións do persoal docente como as que resultan da lectura de textos e realización de exercicios ou actividades.
- Así mesmo o centro promoverá a creación dun voluntariado formado por alumnos e alumnas de cara á recepción de nenos e nenas que se incorporen ao colexio desde lugares afastados de Galicia.

11. AVALIACIÓN E AXENTES QUE A REALIZAN

A avaliación debe integrarse dentro do propio proceso de traballo, tendo en conta para iso os ámbitos que se marcan dentro do proceso de avaliación interna do centro, realizándose nos seus propios momentos e feitas polos seus distintos compoñentes (equipo docente, departamento, claustro, equipo directivo e consello escolar).

11.1.- Fases da avaliación

- **Inicial:** O obxectivo é determinar a competencia comunicativa que amosan os alumnos-as, así como dos recursos materiais e humanos dispoñibles para unha mellor planificación do labor educativo.

- **Continua:** Revisión das programacións, metodoloxías ...
- **Final:** Análise dos obxectivos e exposición dos aspectos mellorables que se deben incluír.

11.2.- Compoñentes da avaliación

- A difusión do programa.
- Percepción sobre as actuacións realizadas no programa plurilingüe.
- Grao de satisfacción das familias co programa.
- Grao de consecución dos obxectivos marcados.
- A coordinación nos seus diversos niveis: departamentos, equipo pedagóxico ...
- A eficacia das medidas organizativas.
- A transferencia da formación realizada polo equipo de profesores.
- A adecuación e eficacia docente das programacións de aula realizadas.
- O proceso de ensino-aprendizaxe.
- O grao de competencia comunicativa en linguas estranxeiras lograda polo alumnado.

11.3.- Axentes da avaliación

- **Equipo directivo**
 - Grao de consecución dos obxectivos programados.
 - A eficacia das medidas organizativas.
 - A transferencia da formación realizada.
- **Coordinador-a do programa plurilingüe**
 - A coordinación nos seus distintos niveis.
 - Grao de realización das actividades programadas.
- **Equipo de profesores-as**
 - A adecuación e eficacia docente das programacións de aula realizadas
 - O proceso de ensino-aprendizaxe.
 - O grao de competencia lingüística en lingua estranxeira lograda polos-as alumnos-as.
- **O Claustro**
 - Percepción sobre as actuacións realizadas no programa plurilingüe.
- **O Consello Escolar**
 - A difusión do programa
 - Percepción sobre as actuacións realizadas no programa plurilingüe
 - Grao de satisfacción das familias co programa.

11.4. Metodoloxía

O proceso de avaliación será coordinado e promovido polo coordinador-a do programa en comunicación co Equipo Directivo. Debe propoñer e deseñar indicadores e instrumentos de avaliación que previamente serán consensuados polo equipo de profesores-as que interveñen no programa.

Fases:

- **Individual:** cada axente implicado, mediante un instrumento de avaliación común, realizará unha reflexión persoal do contido que se debe avaliar.
- **Grupal:** a nivel de Equipo Directivo, Equipo Pedagógico, Claustro e Consello Escolar. Partindo da reflexión individual realizarase unha posta en común para realizar análise e propostas comúns.

11.5. Instrumentos de avaliación

Elaborados polo coordinador-a e o Equipo Directivo a partir dos indicadores, previamente consensuados: escalas de valoración, entrevistas, cuestionarios ...

11.6. Indicadores de seguimento e avaliación das actuacións en relación con:

- **Estudo comparativo:**
 - Probas de avaliación de diagnóstico.
 - Variables da proba de diagnóstico (repetidores, nivel académico ...).
 - Medidas de mellora.
- **Aplicación do plan:**
 - O coordinador-a do proxecto será o-a encargado-a de velar pola posta en funcionamento e aplicación dos acordos, obxectivos, contidos e tarefas para traballar a competencia comunicativa.
- **Seguimento do plan:**
 - Informe sobre a análise dos resultados de avaliación das habilidades lingüísticas.
 - Acta de departamento
 - Memoria.

12. INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS E AO RESTO DA COMUNIDADE EDUCATIVA

Con anterioridade ao período ordinario de matriculación, o Equipo Directivo do centro informará as familias, sobre o programa plurilingüe aprobado.

13.- MEMBROS DO PLC

Jorge González Comesaña (**Coordinador PLC**)

Eva Hernández Román (**Coordinadora PP**)

Noemí Docampo Domínguez

María Carmen Pampín Otero

Norma Rajo Hermida

14.- EVOLUCIÓN DO USO DO GALEGO CON RESPECTO AO ANTERIOR PROXECTO

Desgraciadamente a situación reflicte un empeoramento nos usos do galego por parte de tódolos membros da comunidade educativa, especialmente nas familias e no alumnado. En liñas xerais o seu uso baixou entre 2 e 11 puntos nas familias e entre 1 e 6 puntos no alumnado, mentres que no caso do profesorado a súa actitude positiva ou moi positiva cara ao mesmo ascendeu arredor de 5 puntos.

Temos que concienciar a toda a comunidade educativa da evolución da nosa lingua e dos perigos que supón o seu pouco uso.

A continuación presentamos, polo miúdo, a evolución do uso do galego nestes catro últimos anos:

- **A nivel de familias:** Lingua habitual

Empregada entre os seus membros: predominio de castelán nun 91% (subiu un 11% con respecto a hai catro anos).

Cando falan cos seus fillos: predominio de castelán nun 95% dos casos (neste caso ascende case un 8%).

Nas relacións de amizade: predominio do castelán nun 76% (un 2% máis).

Empregada na admón. e servizos: predominio do castelán nun 79% (case un 6% máis que na anterior enquisa hai catro anos).

Empregada cos seus maiores: castelán nun 58% (54% hai catro anos).

Empregan os avós cos seus netos: maioritario o galego nun 31% dos casos (hai catro anos dábase a mesma porcentaxe).

- **A nivel de alumnado:** Lingua habitual

O predominio do castelán é enorme en tódalas situacións contempladas na enquisa:

Utilización na escola: 82% (79% hai catro anos).

Utilización na casa: 90% (84 na anterior enquisa).

Cos amigos: 96% (95% na anterior).

Grao de aceptación do galego: moito ou bastante o 49% (na enquisa de hai catro anos esta porcentaxe er ado 45%).

- **A nivel de profesorado:**

Castelán e galego empréganse por igual no centro educativo, aínda que unha maior porcentaxe exprésase habitualmente en castelán fóra da escola. A maioría considera que utiliza correctamente o galego na actividade docente e que a súa capacitación para empregalo é normal. Así mesmo a disposición é boa para facer cursos de reciclaxe, excepto nun 13%.

Actitude cara á lingua galega: moi positiva no 55% dos casos (96% se lle engadimos os que manteñen unha actitude positiva). Neste caso hai un ascenso con respecto a hai catro anos pois os resultados eran 50% e 86% respectivamente.

15.- ANEXOS

15.1. Enquisas: - Familias

- Alumnado

- Profesorado

ENQUISA PARA AS FAMILIAS

1.- Lingua habitual que empregan entre vostedes (pais do alumno/a):

- Só castelán
- Predominio do castelán
- Castelán e galego por igual
- Predominio do galego
- Só galego

2.- Lingua habitual que empregan cos seus fillos:

- Só castelán
- Predominio do castelán
- Castelán e galego por igual
- Predominio do galego
- Só galego

3.- Lingua habitual que empregan nas súas relacións de amizade:

- Só castelán
- Predominio do castelán
- Castelán e galego por igual
- Predominio do galego
- Só galego

4.- Lingua habitual que empregan na Administración e servizos (Concello , médico, tendas, colexio ...):

- Só castelán
- Predominio do castelán
- Castelán e galego por igual
- Predominio do galego
- Só galego

5.- Lingua habitual que empregan cos seus maiores:

- Só castelán
- Predominio do castelán
- Castelán e galego por igual
- Predominio do galego
- Só galego

6.- Lingua habitual que empregan os avós cos seus netos:

- Só castelán
- Predominio do castelán
- Castelán e galego por igual

- Predominio do galego
- Só galego

¡Moitas grazas!

ENQUISA PARA O ALUMNADO

1.- Que lingua utilizas habitualmente na escola?:

- Só castelán
- Predominio do castelán
- Castelán e galego por igual
- Predominio do galego
- Só galego

2.- Que lingua utilizas habitualmente en casa?:

- Só castelán
- Predominio do castelán
- Castelán e galego por igual
- Predominio do galego
- Só galego

3.- Que lingua utilizas habitualmente cos amigos (fóra da escola)?:

- Só castelán
- Predominio do castelán
- Castelán e galego por igual
- Predominio do galego
- Só galego

4.- Gústache falar en galego?:

- Moito
- Bastante
- Pouco
- Nada

Grazas pola túa colaboración

ENQUISA PARA O PROFESORADO

1.- En que lingua te expresas habitualmente?:

- Só castelán
- Castelán e galego por igual
- Só galego

2.- Que lingua empregas habitualmente no centro educativo?:

- Só castelán
- Castelán e galego por igual
- Só galego

3.- Como consideras que utilizas o galego na actividade docente?:

- Moi ben
- Ben
- Mal
- Moi mal

4.- Cal cres que é o teu nivel de capacitación para empregar o galego na actividade docente?:

- Moi alto
- Alto
- Normal
- Baixo
- Moi baixo

5.- Se cres que o teu nivel non é suficiente, ¿que disposición tes para facer cursos de reciclaxe?

- Boa
- Mala


6.- Que actitude mantés cara ó galego:

- Moi positiva
- Positiva
- Indiferente
- Negativa
- Moi negativa


Grazas pola túa colaboración

- 15.2. **Gráficos:** - Familias
 - Alumnado
 - Profesorado


GRÁFICOS FAMILIAS



GRÁFICOS ALUMNADO




GRÁFICOS PROFESORADO




15.3. Gráficos comparativos galego-castelán 2008-2012: - Familias

- Alumnado
- Profesorado


GRÁFICOS COMPARATIVOS FAMILIAS





Linguas empregadas entre os seus membros




Linguas empregadas entre pais e fillos




Linguas empregadas nas relacións de amizade



Linguas empregadas na Admón. e servizos




Linguas empregadas cos maiores




Linguas empregadas os avós cos netos

GRÁFICOS COMPARATIVOS ALUMNADO



GRÁFICOS COMPARATIVOS PROFESORADO



Actitude positiva cara ao galego

(1) NOTA. Como xa comentamos no apartado 2 deste plan, os datos das enquisas son do proxecto anterior. Non foi posible realizalas cando correspondía debido ao estado de confinamento no que nos atopabamos. Por este motivo, unha vez que sexan recollidos os resultados serán comentados na addenda do próximo curso.